

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

6690 *ORDE ECI/1082/2006, do 6 de abril, para a aplicación do disposto no Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela. («BOE» 89, do 14-4-2006.)*

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, estableceu no seu artigo 42.3 o título superior de danza, declarándoo equivalente para todos os efectos ao título de licenciado universitario. Na súa disposición adicional cuarta.7 facultou o Goberno para establecer as equivalencias dos títulos afectados pola lei non establecidas nela.

En aplicación do previsto nos preceptos indicados, o Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela, faculta na súa disposición derradeira segunda o ministro de Educación e Ciencia para ditar as disposicións correspondentes ao desenvolvemento do establecido nel.

En cumprimento do preceptuado no mencionado real decreto, procede establecer o procedemento para obter a declaración da equivalencia de estudos regulada nel, determinar a composición e funcionamento da Comisión de Valoración e regular o procedemento de matriculación e certificación dos complementos de formación.

Para a elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, logo de ditame do Consello Escolar do Estado e coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispuxen:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento para a declaración das equivalencias previstas no Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, definir os requisitos documentais para a instrución do procedemento, regular a composición e funcionamento da Comisión de Valoración a que fai referencia o seu artigo 6 e ordenar o procedemento de matriculación e certificación para os complementos de formación establecidos no artigo 4 do real decreto citado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde é de aplicación en todo o territorio nacional aos estudos a que se refire o artigo 2 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo.

Artigo 3. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento de declaración de equivalencia iníciase por solicitude da persoa interesada. Esta solicitude axustarase ao modelo incluído no anexo I, e presentarse no Rexistro Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia ou en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xuri-

dico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, desenvolvido polo artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas dos documentos específicos que, para cada suposto, se indican nos artigos 4, 5, 6, 7, 8 e 9 e, en todo caso, dos seguintes de carácter xeral:

a) Fotocopia compulsada do pasaporte ou da tarxeta de residencia, no caso de solicitantes estranxeiros.

b) Título obtido ou, no seu defecto, certificación académica oficial expedida polo secretario do centro de que se trate (Conservatorio de Música e Declamación, Conservatorio de Música, Escola de Arte Dramática, Escola de Arte Dramática e Danza, Conservatorio de Danza), co visto e prace do director do centro, en que figuren os estudos realizados e a data da súa finalización.

3. Os documentos orixinais indicados neste artigo, así como os indicados nos artigos 4, 5, 6, 7, 8 e 9, e na disposición transitoria única, poderanse presentar xuntamente con fotocopia deles e seranlles devoltos aos interesados unha vez cotexados e redactada a dilixencia de compulsa.

Artigo 4. *Acreditación da experiencia profesional docente en centros públicos.*

1. Os solicitantes que, de acordo co indicado na alínea a) do artigo 3 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, teñan unha experiencia profesional docente en centros públicos, de polo menos tres anos de duración, realizada con anterioridade ao curso 2002-2003, deberán acreditala mediante certificación dos servizos docentes prestados, expedida polo secretario do centro, co visto e prace do director, ou polo órgano correspondente da Administración educativa.

2. No caso de que o centro cesase nas súas actividades, a certificación deberá ser expedida polos órganos correspondentes das administracións educativas.

Artigo 5. *Acreditación da experiencia profesional docente en centros privados non oficiais recoñecidos ou autorizados, ou en centros privados autorizados.*

1. Os solicitantes que, de acordo co indicado na alínea a) do artigo 3 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, teñan unha experiencia profesional docente en centros privados non oficiais recoñecidos ou autorizados, ou en centros privados autorizados, de polo menos tres anos de duración, realizada con anterioridade ao curso 2002-2003, deberán acreditala mediante certificación dos servizos docentes prestados, expedida polo director do centro, co visto e prace dos órganos correspondentes das administracións educativas. Nesta certificación deberán constar os seguintes datos:

- a) Código do centro.
- b) Denominación xenérica do centro.
- c) Denominación específica do centro.
- d) Decreto, real decreto, orde ministerial ou decreto ou orde da Comunidade Autónoma correspondente, que determine a tipoloxía do centro.
- e) Duración do tempo en que o interesado exerceu a docencia en ensinanzas regradas que conduzan á obtención de certificado ou título con validez académica oficial.

2. No caso de que o centro cesase nas súas actividades, a certificación deberá ser expedida polos órganos correspondentes das administracións educativas.

Artigo 6. *Acreditación da actividade profesional artística desenvolvida no ámbito público.*

Os solicitantes que, de acordo co indicado na alínea a) do artigo 3 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, teñan unha experiencia profesional artística de polo menos tres anos de duración, realizada no ámbito público con anterioridade ao curso 2002-2003, deberán acreditarla mediante contratos formalizados con compañías, centros, institucións ou fundacións de titularidade pública estatal ou de comunidades autónomas, ou da Administración local.

Artigo 7. *Acreditación da actividade profesional artística desenvolvida no ámbito privado.*

Os solicitantes que, de acordo co indicado na alínea a) do artigo 3 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, teñan unha experiencia profesional artística de polo menos tres anos de duración, realizada no ámbito privado con anterioridade ao curso 2002-2003, deberán acreditarla mediante os seguintes documentos:

a) Xustificantes de actuacións expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (documento TC 4/5), para artistas acollidos ao réxime de integración conforme o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, polo que se integran diversos réximes especiais, entre eles o de artistas, no réxime xeral da Seguridade Social.

b) Declaración de actividades á Seguridade Social, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (documento TC 4/6).

c) Certificados expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social das actuacións realizadas polos artistas acollidos ao réxime especial da Seguridade Social anterior ao réxime de integración aludido na alínea a) precedente.

d) Informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Artigo 8. *Outras acreditacións documentais da experiencia profesional artística.*

Os que teñan experiencia profesional artística pero non dispoñan dos documentos referidos nos artigos 6 e 7 precedentes, poderán presentar outra documentación para efectos de acreditar a experiencia profesional artística exixida. A fidedignidade desta documentación para os ditos efectos será valorada pola comisión a que se refire o artigo duodécimo.

Artigo 9. *Acreditación dos complementos de formación.*

Os solicitantes que, de acordo co indicado na alínea b) do artigo 3 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, realízen e superasen nun conservatorio superior de danza, con carácter previo á iniciación do procedemento, os complementos de formación establecidos no seu artigo 4, deberán acreditarlos mediante a presentación dun dos documentos seguintes:

a) Certificado acreditativo de ter realizado e superado todas e cada unha das disciplinas que configuren o módulo de pedagogía da danza, que será expedido polo

Conservatorio Superior de Danza consonte o modelo que se publica como anexo II.

b) Certificado acreditativo de ter realizadas e superadas todas e cada unha das disciplinas que configuren o módulo de coreografía e técnicas de interpretación da danza, que será expedido polo Conservatorio Superior de Danza conforme o modelo que se publica como anexo III.

Artigo 10. *Instrución do procedemento.*

1. Unha vez recibida a solicitude e os documentos achegados, a Subdirección Xeral de Ordenación Académica comprovará que reúnen os requisitos xerais establecidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os específicos regulados por esta orde e, en caso necesario, requirirá o interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de acordo co disposto no artigo 71 da citada lei.

2. A documentación achegada será examinada e valorada pola Comisión de Valoración constituída de acordo co artigo duodécimo, que emitirá o correspondente informe sobre a procedencia de outorgar ou denegar a declaración de equivalencia solicitada.

3. Á vista do informe emitido pola Comisión de Valoración e cumprido, se é o caso, o trámite de audiencia, a Subdirección Xeral de Ordenación Académica formulará proposta de resolución.

Artigo 11. *Resolución do procedemento.*

1. A resolución do procedemento realizarase mediante orde do Ministro de Educación e Ciencia, ditada por delegación polo director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. O prazo para a resolución e notificación da declaración de equivalencia ou denegación dela será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Educación e Ciencia.

3. A falta de notificación de resolución expresa no prazo antes sinalado permitirá entender desestimada a solicitude de equivalencia, para os efectos de interposición do oportuno recurso, de conformidade co anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na redacción dada no artigo 69 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de acordo co que nela se prevé para a expedición, renovación, revalidación, homologación, validación, recoñecemento de títulos, diplomas, disciplinas, licenzas e certificados académicos e profesionais.

4. A resolución estimatoria suporá o recoñecemento da equivalencia, para os efectos de docencia, dos estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela.

5. A notificación ao interesado da resolución estimatoria, asinada polo subdirector xeral de Ordenación Académica, constituirá o documento acreditativo do recoñecemento da equivalencia.

Artigo 12. *Comisión de Valoración.*

1. A Comisión de Valoración prevista no artigo 6 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, estará composta polos seguintes membros:

O subdirector xeral de Ordenación Académica do Ministerio de Educación e Ciencia, que actuará como presidente.

Tres representantes das comunidades autónomas, por proposta destas. A participación das comunidades autónomas terá carácter rotatorio, cunha periodicidade bianual, tendo en conta para a súa designación a orde de antigüidade do seu Estatuto de autonomía, así como a presenza sempre dalgún representante dunha comunidade autónoma no territorio da cal exista conservatorio superior de danza.

O xefe do Servizo de Música e Artes Escénicas, que actuará como secretario con voz e voto.

2. Ademais dos membros citados, a Comisión de Valoración poderá solicitar a colaboración de expertos, se así fose necesario, que actuarán como asesores.

3. O director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará as persoas que formarán parte da comisión.

4. As reunións da comisión celebraranse cando resulte necesario a xuízo do presidente, logo de convocatoria con polo menos tres días de antelación, e o seu funcionamento axustarase ás previsións contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A Comisión de Valoración adscríbese ao Ministerio de Educación e Ciencia a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que atenderá os seus gastos de funcionamento con cargo ao seu orzamento ordinario.

Disposición transitoria única. Realización dos módulos de formación complementaria.

1. De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, os módulos de formación complementaria deberán ser cursados dentro dos sete anos seguintes á publicación desta orde.

2. Para a realización dos citados módulos, os interesados deberán matricular do módulo elixido nun Conservatorio Superior de Danza. A solicitude de matrícula, que se presentará no conservatorio correspondente, for-

mularase conforme o modelo que se publica como anexo IV e irá acompañado da documentación seguinte:

a) Fotocopia compulsada do pasaporte ou da tarxeta de residencia, no caso de alumnos estranxeiros.

b) Título obtido ou, no seu defecto, certificación académica oficial expedida polo secretario do centro de que se trate (Conservatorio de Música e Declamación, Conservatorio de Música, Escola de Arte Dramática, Escola de Arte Dramática e Danza, Conservatorio de Danza), co visto e prace do director do centro, en que figuren os estudos realizados e a data da súa finalización.

3. Unha vez cursado o módulo de que se trate e superadas todas e cada unha das disciplinas que configuren o módulo elixido, o conservatorio expedirá o correspondente certificado conforme os modelos que se publican como anexo II, para o módulo de pedagogía da danza, e como anexo III, para o módulo de coreografía e técnicas de interpretación da danza. Os termos da cualificación serán de «apto» ou «non apto».

Disposición derradeira primeira. Habilitación para a aplicación.

Autorízase o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas oportunas para a aplicación do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de abril de 2006.

SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

Sr. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

ANEXO I

ANVERSO

<p>D/Dna.: Apelidos..... Nome Data de nacemento....., de nacionalidade con DNI, NIF ou pasaporte (marque o que corresponda) número ou o seu representante:</p> <p>D/Dna.: Apelidos..... Nome Domicilio para efectos de notificación en LocalidadeC.P Provincia..... País..... Teléfono/s</p> <p style="text-align: center;">S O L I C I T A:</p> <p>O recoñecemento da equivalencia, para efectos de docencia, dos seus estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), e os estudos superiores de danza regulados nela.</p>

Para iso, presenta copia compulsada da seguinte documentación: (marcar con onde corresponda)

DOCUMENTOS DE CARÁCTER XERAL (PUNTO 2. DO ARTIGO 3 DA ORDE)

DNI nº..... Pasaporte nº..... Tarxeta residencia nº.....
<input type="checkbox"/> Título ou certificación académica oficial
<ul style="list-style-type: none"> • Estudos realizados..... • Data de finalización dos estudos.....

ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL DOCENTE: (ARTIGOS 4 e 5 DA ORDE)

Certificación dos servizos docentes prestados en centros públicos <input type="checkbox"/> TOTAL: ANOS.....MESES.....DÍAS.....
Certificación dos servizos docentes prestados en centros privados non oficiais recoñecidos ou autorizados ou en centros privados autorizados <input type="checkbox"/> TOTAL: ANOS.....MESES.....DÍAS.....

REVERSO**ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL ARTÍSTICA: (ARTIGOS 6, 7 E 8 DA ORDE)**

<input type="checkbox"/>	Contratos de actividades artísticas desenvolvidas no ámbito público: TOTAL: ANOS.....MESES.....DÍAS.....
Actividades artísticas desenvolvidas no ámbito privado	
<input type="checkbox"/>	Xustificantes de actuacións expedidos pola Tesouraría da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Seguridade Social (documento TC 4/5)
<input type="checkbox"/>	Declaración de actividades á Seguridade Social expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Seguridade Social (documento TC 4/6)
<input type="checkbox"/>	Certificados expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social anteriores ao réxime de integración de 1986
<input type="checkbox"/>	Informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais
<input type="checkbox"/>	Outras acreditacións documentais da experiencia profesional artística: TOTAL: ANOS.....MESES.....DÍAS.....

ACREDITACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN (ARTIGO 9 DA ORDE)

<input type="checkbox"/>	Xustificante de ter superados os complementos de formación nun conservatorio superior de danza
--------------------------	--

En, o.....de.....de.....

Ado.:

SRA. MINISTRA DE EDUCACIÓN E CIENCIA

ANEXO II

Conservatorio Superior de Danza de

D/Dña.....secretario/a do Conservatorio Superior de Danza de.....

CERTIFICA QUE:

D/ Dña....., con DNI, NIF ou pasaporte número cursou os complementos de formación aos que se refire o artigo 3.b) en relación co 4, do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela, que a continuación se detallan:

MÓDULO DE PEDAGOXÍA DA DANZA					
Materia	Disciplinas/nº horas (consignar)	CONVOCATORIA/CURSO/CUALIFICACIÓNS			
Metodoloxía e didáctica da danza		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
Pedagogía		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
Psicoloxía evolutiva e da educación		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
TOTAL DE HORAS CURSADAS.....					

E para que conste, para o efecto de solicitar a equivalencia anteriormente referida, expídese esta certificación en....., o..... de..... de.....

Ado.: O/A secretario/a do Conservatorio Superior de Danza
(selo orixinal do centro)

Vº e pr. do/a director/a
(selo orixinal do centro)

ANEXO III

Conservatorio Superior de Danza de.....

D/Dña.....secretario/a do Conservatorio Superior de Danza de.....

CERTIFICA QUE:

D/ Dña....., con DNI, NIF ou pasaporte número cursou os complementos de formación aos que se refire o artigo 3.b) en relación co 4, do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela, que a continuación se detallan:

MÓDULO DE COREOGRAFÍA E TÉCNICAS DE INTERPRETACIÓN DA DANZA					
Materia	Disciplinas/nº horas (consignar)	CONVOCATORIA/CURSO/CUALIFICACIÓN			
Linguaxe escénica e dramaturxia		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
Coreografía		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
Produción e xestión cultural		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
		1ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	2ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	3ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:	4ª Convocatoria Curso...../..... Cualificación:
TOTAL DE HORAS CURSADAS.....					

E para que conste, para o efecto de solicitar a equivalencia anteriormente referida, expídese esta certificación en..... de..... de.....

Ado.: O/A secretario/a do Conservatorio Superior de Danza
(selo orixinal do centro)

Vº e pr. do/a director/a
(selo orixinal do centro)

ANEXO IV

<p>D/Dna.: Apelidos..... Nome, Data de nacemento:, nacionalidade con DNI, NIF ou pasaporte (marque o que corresponda) número, ou o seu representante:</p> <p>D/Dna.: Apelidos Nome</p> <p>Domicilio para efectos de notificación en </p> <p>LocalidadeCP</p> <p>Provincia..... País..... Teléfono/s.....</p> <p style="text-align: center;">S O L I C I T A:</p> <p>A matriculación, conforme o establecido no artigo 4 do Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela, no módulo de (sinalar o elixido):</p> <p><input type="checkbox"/> PEDAGOXÍA DA DANZA</p> <p><input type="checkbox"/> COREOGRAFÍA E TÉCNICAS DE INTERPRETACIÓN DA DANZA</p> <p>co único obxecto de poder solicitar a mencionada equivalencia ao organismo instructor, e cumprir así os requisitos establecidos no artigo 3.b) do citado Real decreto 798/2005, do 1 de xullo.</p>

Para iso, presenta copia compulsada da seguinte documentación: (Marcar con onde corresponda)

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA DA ORDE.

<p>DNI nº..... Pasaporte nº Tarxeta residencia nº</p> <p><input type="checkbox"/> Título ou certificación académica oficial</p> <p>· Estudos realizados.....</p> <p>· Data de finalización dos estudos.....</p>

En, o.....de.....de.....

Ado.:

SR./SRA. DIRECTOR/A DEL CONSERVATORIO SUPERIOR DE DANZA DE.....